



2014

Fundación Galicia Europa

XUNTA DE GALICIA



fundación

GALICIA EUROPA

Fundación Galicia Europa: achegando Europa e Galicia

A Fundación Galicia Europa (FGE) nace en 1988 coa misión de promover o achegamento entre Galicia e Europa. Vinculada á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, conta con dúas oficinas, unha en Santiago de Compostela e outra en Bruxelas, formando parte esta última das máis de 300 representacións rexionais na capital comunitaria.

O labor da FGE xira en torno a dous grandes obxectivos: unha mellor comunicación da actividade comunitaria en Galicia e a defensa das posicións galegas no contexto europeo. Para conseguilo, a Fundación traballa en catro ámbitos:

Defensa dos intereses de Galicia ante a UE. Co obxectivo de promover os intereses galegos ante as institucións europeas, a FGE realiza unha labor de seguimento das políticas e normativas comunitarias para informar sobre elas en Galicia, especialmente á Administración Autonómica. Ao mesmo tempo, presta apoio e asesora aos participantes galegos en foros como o Comité das Rexións e outras reunións a nivel comunitario. Complementariamente, a Fundación organiza actividades para dar a coñecer Galicia en Bruxelas.

Promoción da participación galega en proxectos europeos. A FGE fomenta a participación de entidades galegas en proxectos europeos, co fin de potenciar a competitividade dos sectores público e privado de Galicia. Esa promoción tradúcese en asesoramento técnico, procura de socios a escala europea, organización de reunións con representantes das institucións ou na mesma participación da FGE en consorcios de proxectos que lle resulten de interese. Por outra banda, a Fundación organiza seminarios de formación sobre xestión de proxectos en Galicia.

Información sobre a Unión Europea en Galicia. A FGE traballa polo achegamento da actualidade comunitaria á sociedade galega, así como para informar sobre posibilidades de participación en programas de financiamento europeo ou oportunidades de emprego e prácticas nas institucións. Ademais, a través do portal web pódese consultar a actualidade daqueles temas que máis afectan a Galicia.

Formación e sensibilización sobre Europa en Galicia. O compromiso da FGE coa formación permitiu que nos 25 anos da súa existencia máis de 400 persoas coñecesen máis de preto a UE a través das súas bolsas de formación. Do mesmo xeito, a través de seminarios e cursos que organiza a Fundación, foméntase a formación e sensibilización da sociedade galega en temas relacionados coa UE.

Padroado

Presidente

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

Vicepresidente

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

Secretaria

Marta Viñas Hylas-Bernoud
Letrada da Xunta de Galicia

Director

Jesús Gamallo Aller
Director xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia

Vogais

Elena Muñoz Fonteriz
Conselleira de Facenda da Xunta de Galicia

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía e Industria da Xunta de Galicia

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia

Jesús Asorey Carril
Representante do Consello Galego de Cámaras

M^o Teresa Pedrosa Silva
Delegada do Estado no Consorcio Zona Franca de Vigo

Santiago Novoa García
Director de Banca Institucional de ABANCA

Ramón Tojo Leis
Deputación de A Coruña

Lara Méndez López
Vicepresidenta segunda da Deputación de Lugo

Grupo de traballo

Fernando Filgueiras Feal
Responsabilidade Social Corporativa de ABANCA

José Manuel Álvarez Campana
Asesor do presidente da Deputación da Coruña

Pablo Rivera Capón
Director de Fondos Europeos e
asesor da Presidencia da Deputación de Lugo

Fernando Barros Fornos
Secretario xeral adxunto da Cámara de Comercio,
Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela

Santiago López-Guerra Román
Secretario xeral do Consorcio Zona Franca de Vigo

Jesús Gamallo Aller
Director xeral de Relacións Exteriores e coa UE. Vicepresidencia e Con-
sellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

Santiago Álvarez González
Subdirector xeral de Relacións coa UE. Vicepresidencia e Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

Ana Ramos Barbosa
Directora da oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas

Equipo da Fundación Galicia Europa

Presidente

Alberto Núñez Feijóo

Vicepresidente

Alfonso Rueda Valenzuela

Equipo directivo

Director

Jesús Gamallo Aller

Directora da oficina de Bruxelas

Ana Ramos Barbosa

Equipo técnico de información e análise comunitaria

Oficina de Bruxelas

Vanessa Lobo Casas

Coordinación técnica de políticas europeas

Isabel Vázquez Conde

Delegada da Consellería do Medio Rural e do Mar

Administración e secretariado

Oficina de Santiago de Compostela

M^a Belén Rodríguez Martín

Responsable de administración

M^a Pilar Louro García

Auxiliar administrativa

Oficina de Bruxelas

Marlène Fernández González

Responsable de administración

Oficina de Información Europea para a Xuventude

Oficina de Santiago de Compostela

Pilar del Oro Sáez

Coordinadora

Licenciados en prácticas

Oficina de Santiago de Compostela

Inés Montero Castro

Iria Rodríguez-Lestegás Tizón

Oficina de Bruxelas

Andrés Ballesteros Posada

Francisco de Asís Pichel Contra

Paloma Calvo Varela – Administración

Xoán Anel Campaña Bañobre – Comunicación



fundación

GALICIA EUROPA

INDICE

Fundación Galicia Europa: achegando Europa e Galicia	3
Defensa dos intereses galegos en Europa.....	9
O Comité das Rexións, 20 anos dando voz ás rexións e aos municipios na UE.....	9
Reunións de alto nivel entre Galicia e Bruxelas.....	11
Participación de Galicia na Semana Europea das Rexións e as Cidades – Open Days 2014	13
Participación en redes de cooperación rexional.....	14
Actividades de promoción de Galicia en Bruxelas.....	16
Fomento da participación en proxectos europeos	19
Guía de Financiación Comunitaria 2014-2020.....	19
Seminarios sobre financiamento comunitario.....	20
Asesoramento	21
Información sobre a UE en Galicia	25
www.fundaciongaliciaeuropa.eu.....	25
Boletín electrónico	25
Redes sociais.....	26
Colaboración coa Revista ECO.....	26
Orientación laboral en entornos internacionais	26
Formación e sensibilización	29
A dimensión europea da Formación Profesional.....	29
Bolsas FGE en asuntos europeos	30
Participación galega no Evento Europeo da Xuventude – EYE 2014.....	31
Outras actividades.....	32
2014 en cifras.....	33
Índice de siglas	35



Defensa dos intereses galegos en Europa

O Comité das Rexións, 20 anos dando voz ás rexións e aos municipios na UE

A FGE presta apoio á participación autonómica no Comité das Rexións Europeo (CdR), a asemblea consultiva comunitaria na que están representados os entes locais e rexionais da Unión Europea. En representación da Comunidade Autónoma de Galicia, o membro titular é o propio presidente da Xunta de Galicia, mentres que o cargo de membro suplente recae no director xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

En 2014 o CdR celebrou o seu vixésimo aniversario, ocasión que serviu para reflexionar sobre o papel actual e futuro deste órgano. O CdR consensuou unha folla de ruta para reforzar o seu papel político e institucional, e utilizar plenamente a súa natureza territorial para aumentar a súa influencia na toma de decisións da UE. Como parte de calquera futura reforma da UE, o CdR pediu que



A asemblea de representantes rexionais e locais da UE aspira a continuar reforzando o seu papel no proceso comunitario de toma decisións

Galicia liderou oito ditames de opinión nestes 20 anos

se lle atribúa máis competencias no proceso legislativo, particularmente a facultade de emitir ditames vinculantes en materia de política de cohesión.

Galicia é membro do Comité das Rexións desde a súa creación participando en distintas comisións sectoriais, especialmente naquelas relacionadas coa cohesión territorial e o desenvolvemento sostible. Dende 1994, Galicia liderou oito ditames referidos a diversas cuestións como a aplicación do principio de subsidiariedade, o reparto de fondos estruturais ou a acuicultura. Os últimos ditames elaborados por Galicia referíronse á creación dunha nova figura xurídica para facilitar a cooperación territorial, ao deseño dunha nova política europea de cooperación ao desenvolvemento e ao modo de executar os fondos comunitarios cunha maior eficacia.

En 2014, o CdR emitiu un total de 54 ditames e puxo en marcha a Carta de Gobernanza Multinivel, coa que pretende promover unha maior coordinación e co-responsabilidade entre os distintos niveis de poder territorial. Galicia participou en dúas das seis comisións do CdR: a comisión de Política de Cohesión Territorial (COTER) e a Comisión de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais (CIVEX), coordinando a participación do grupo político e da delegación española nesta última.

En COTER, Galicia colaborou con outras seis Comunidades Autónomas coas que comparte desafíos demográficos para que as súas necesidades se visen recollidas nun ditame sobre a mobilidade nas rexións illadas ou despoboadas. Ademais, o membro suplente, Jesús Gamallo, interveu no seminario “Interconectando as rexións europeas: a perspectiva territorial” celebrado en Romanía, no que destacou a importancia das conexións de transporte para unha maior cohesión en Europa, así como o papel das Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial (AECT) na mellora das conexións transfronteirizas. Precisamente sobre a AECT Galicia-Norte de Portugal falou tamén nunha reunión do Comité Consultivo Mixto UE-Macedonia que reúne aos entes locais e rexionais europeos cos do país candidato. Como invitado experto en cooperación transfronteiriza, Gamallo explicou a experiencia desta AECT para servir de inspiración na rexión balcánica.



Galicia asinou a Carta de Gobernanza Multinivel, un manifesto político impulsado polo CdR co que se invita a todas as autoridades públicas a comprometerse para traballar en asociación entre os diferentes niveis de goberno — dende o local ata o europeo — co fin de asegurar a eficiencia e coherencia das políticas públicas en interese dos cidadáns

Reunións de alto nivel entre Galicia e Bruxelas

O presidente da Xunta de Galicia, a presidenta do Parlamento de Galicia, tres conselleiros e máis tres directores xerais visitaron Bruxelas en 2014 para abordar diferentes temas coas autoridades comunitarias. A FGE prestou o apoio necesario en cada unha destas visitas, definindo os interlocutores máis axeitados no seo das institucións europeas, elaborando as axendas e prestando asesoramento técnico e loxístico.

Participación do presidente da Xunta de Galicia no Foro da Cohesión

Entre as reunións de alto nivel celebradas entre Galicia e Bruxelas destaca a do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, no mes de setembro para participar no VI Foro da Cohesión, un evento que a Comisión Europea celebra cada tres anos para reflexionar sobre o impacto desta política na UE. Galicia foi o único territorio de España presente neste foro. Na súa intervención, Feijoo propuxo que os factores demográficos como o envellecemento teñan un maior peso no deseño da política rexional, ademais de subliñar que esta política foi clave para o desenvolvemento económico de Galicia dado que entre 1986 e 2013 foi perceptora de 19.000 millóns de euros en fondos estruturais.

O Foro da Cohesión é o maior evento sobre política rexional que a Comisión Europea celebra cada tres anos. Galicia foi o único territorio de España presente nesta edición



Sensibilización sobre os desafíos demográficos a nivel europeo

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, visitou Bruxelas en abril xunto con outros conselleiros de Asturias, Castela e León, Aragón, Castela-A Mancha e Estremadura co obxectivo de chamar a atención a nivel europeo sobre os desafíos demográficos aos que se enfrontan estas rexións. A visita estivo composta de catro

actos: unha reunión con outras rexións europeas no Comité das Rexións para intercambiar experiencias sobre como afrontar estes retos, un encontro con máis dunha decena de eurodeputados, unha reunión co comisario de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión, László Andor e un encontro co representante permanente adxunto da Representación Permanente de España ante a



Galicia alerta das dificultades das rexións con desafíos demográficos para cumprir cos obxectivos 2020 en materia de emprego, I+D e loita contra a pobreza.

UE (REPER), Pascual Marco. Durante o encontro co comisario Andor, a conselleira galega entregoulle un documento en nome das seis CCAA no que se reclama unha acción máis decidida por parte da UE fronte a magnitude dos retos derivados do cambio demográfico.

A raíz desta visita, a FGE traballou en outono xunto coas oficinas de representación doutras 13 rexións europeas para presentar unha resposta conxunta á consulta pública da revisión intermedia da Estratexia Europa 2020. Neste documento, advírtese da necesidade de que esta estratexia preste unha atención especial ao cambio demográfico, dado que a UE no seu conxunto se verá afectada por esta problemática nos próximos anos, e alerta sobre as dificultades destas rexións para cumprir cos obxectivos de 2020, en especial, cos referidos á taxa de emprego, a porcentaxe do PIB dedicado a I+D e o número de persoas expostas á pobreza. Por este motivo, solicitan incluír novos indicadores relacionados co cambio demográfico na aplicación da estratexia, ademais de engadir unha dimensión territorial que fomente —xunto co crecemento intelixente, sustentable e integrador— un crecemento equilibrado en toda a UE.

Visita a Galicia do comisario europeo de Política Rexional, Johannes Hahn

O comisario de Política Rexional, Johannes Hahn visitou Galicia para coñecer de primeira man algúns dos proxectos apoiados a través dos fondos comunitarios na nosa comunidade en eidos como a industria, a formación ou a sanidade. O comisario mantivo tamén un encontro co presidente da Xunta de Galicia co que tratou sobre a nova política de cohesión 2014-2020 e as iniciativas pioneiras de cooperación transfronteiriza nas que participa a Comunidade Autónoma de Galicia.



Durante o último día da súa visita, Hahn asistiu á presentación da nova estratexia de especialización intelixente en investigación e innovación de Galicia, máis coñecida polas súas siglas en inglés RIS3. Co obxectivo de transformar o tecido económico de Galicia, esta nova folia de ruta está centrada en tres eixos: a xestión innovadora dos recursos naturais e culturais, a busca dunha maior competitividade dos sectores máis fortes do tecido industrial galego e o posicionamento da rexión como referente no sur de Europa en oferta de servizos e produtos relacionados co envellecemento activo e a vida saudable.

A presenza do comisario Hahn na presentación da RIS 3 mostra o apoio da Comisión Europea ao longo e complexo proceso de elaboración dunha estratexia de especialización intelixente en Galicia cuxo obxectivo é mellorar a competitividade da economía galega

Participación de Galicia na Semana Europea das Rexións e as Cidades – Open Days 2014

Arredor de 6.000 expertos participaron nos máis de 100 seminarios celebrados no marco de *Open Days*, a Semana Europea de Rexións e Cidades, que se celebrou a principios de outubro na capital comunitaria. Cunha proporción de máis dun 50% de representantes de administracións locais e rexionais entre os asistentes, este evento funcionou como unha inestimable plataforma para o debate sobre como as estratexias subestatais de investimento poden axudar a acadar as metas de Europa para 2020 e a recuperar a senda do crecemento.

A FGE coordinou a participación dos representantes galegos e do Norte de Portugal neste gran foro, dando visibilidade a proxectos en marcha en diferentes eidos como a política urbana, o turismo cultural ou a innovación sanitaria:

O **Concello da Coruña** presentou o seu proxecto “Coruña, *Smart City*” no seminario “Solucións innovadoras para uns servizos e infraestruturas intelixentes nas cidades”, celebrado na oficina da FGE e organizado por esta en colaboración coa Federación Europea de Directivos de Gobernos Locais (UDITE).

A **Axencia de Turismo de Galicia** participou no seminario “Os itinerarios culturais e relixiosos como polos de atracción do turismo transnacional e da competitividade económica”, celebrado tamén na oficina da FGE. Organizado por un consorcio de 11 rexións europeas, o seminario reuniu a expertos de Polonia, Italia, Croacia, Francia, Grecia e Portugal para debater sobre o impacto das rutas culturais, como o Camiño de Santiago, nas economías locais.

O **Servicio Galego de Saúde** interveu no seminario “Novo enfoque dos pacientes na asistencia sanitaria: cumprimento da Axenda Dixital Europea a través do acceso en liña aos expedientes e os servizos sanitarios”. Nel, asociacións de pacientes e varias rexións pioneiras no eido da saúde en liña compartiron as leccións aprendidas durante a posta en marcha de iniciativas que permiten o acceso interactivo dos pacientes á información sobre o seu historial médico.



Un ano máis, os Open Days serviron de gran foro para o intercambio de experiencias no deseño e aplicación de políticas públicas entre representantes políticos e técnicos das rexións europeas

A rexión **Norte de Portugal** participou, no seminario “Como están a integrar os programas operativos as estratexias macrorexionais e de conca marítima?”, organizado pola Comisión Europea e un consorcio de rexións no que participaba Galicia. No seminario, representantes de catro rexións europeas explicaron como estaban a integrar as prioridades establecidas polas estratexias de cooperación supranacional nas áreas do mar Báltico, o Océano Atlántico e a conca do Danubio na programación dos fondos Estruturais e de Investimento Europeos (EIE) para o período 2014-2020.

Participación en redes de cooperación rexional

Galicia participa en numerosas redes de cooperación rexional, o que lle permite acceder a información, compartir experiencias con outras rexións — que ás veces se traducen na posta en marcha de proxectos europeos — e, sobre todo, participar en foros que manteñen unha interlocución directa coas institucións europeas. A Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) e a Asemblea de Rexións Fronteirizas de Europa (ARFE) son as dúas redes con máis tradición no contexto comunitario, se ben nos últimos anos Galicia tamén se uniu a outras redes con sede en Bruxelas nas que traballa en eidos máis específicos como o a política rexional, o sector do automóbil ou o naval.

A rede **Maritime Industries for Blue Growth**, da que Galicia forma parte dende a súa creación en 2012, enviou a principios de 2014 un documento de posición aos xefes de Estado e de Goberno titulado “Reindustrialización de Europa a través dunha forte ambición para as industrias marítimas. Por unha aplicación efectiva do informe Leadership 2020”. No documento, destinado a súa toma en consideración polo Consello Europeo, reivindicábase a importancia das industrias marítimas na estratexia de reindustrialización da UE.

As redes de cooperación rexional constitúen un importante instrumento para defender os intereses galegos ante a UE. A FGE presta apoio á participación galega nestas redes.

Galicia ostenta desde 2009 a vicepresidencia do **Grupo Interrexional do Automóvil** un dos dez grupos horizontais existentes dentro do CdR. En 2014 este grupo mantivo dúas reunións de carácter político que contaron coa participación de representantes da Comisión Europea. A primeira serviu para analizar a situación que atravesaba o sector, prestando especial atención á evolución do emprego e á formación, mentres que a segunda se centrou na aplicación do Plan de Acción CARS 2020, posto en marcha pola Comisión Europea.

Para chamar a atención a nivel europeo sobre os desafíos demográficos aos que se enfrontan algunhas rexións, Galicia tamén forma parte da **Rede de Rexións Europeas con Cambio Demográfico** que reúne a 40 rexións de Alemaña, Polonia, Países Baixos, Finlandia, Suecia e España. En 2014 as seis rexións españolas que forman parte desta rede lideraron gran parte das súas actividades.



Por último, Galicia participa na **Comisión do Arco Atlántico da CRPM**, que en 2014 realizou un importante seguimento da participación das rexións atlánticas na posta en marcha do Corredor Atlántico dentro das Redes Transeuropeas de Transporte. Igualmente, advertiu da falta de visibilidade da Estratexia Atlántica na programación da política rexional 14-20 tratando de mobilizar proxectos interesantes entre as súas rexións no marco desta estratexia lanzada pola Comisión Europea en 2011.



Entre as propias oficinas de representación das Comunidades Autónomas en Bruxelas, en 2002 constituíron a **Rede de Colaboración entre as Oficinas Rexionais Españolas (CORE)**, que ten permitido intensificar as súas relacións dun modo máis estruturado co obxectivo de mellorar a súa interlocución coas institucións comunitarias e coa Representación Permanente de España ante a UE (REPER). En 2014 foron as oficinas de Valencia y La Rioja as que, respectivamente, coordinaron os traballos de CORE no primeiro e segundo semestre do ano posibilitando a organización de oito encontros con altos cargos das institucións comunitarias. Ademais, a renovación dos conselleiros autonómicos na REPER fixo necesaria a constitución dun grupo de traballo específico para abordar o estado de situación da participación autonómica nos asuntos comunitarios.



Os dez grupos de coordinación técnica de CORE organizaron, pola súa parte, máis de 100 reunións en áreas como o transporte, a I+D+i ou a política comercial da UE. A través do contacto directo con funcionarios da Comisión Europea ou da REPER, estas reunións permiten un mellor seguimento e análise das políticas públicas comunitarias.

Por outro lado, o Parlamento de Galicia ostentou a presidencia da **Conferencia de Asembleas Lexislativas Rexionais Europeas (CALRE)**, integrada por 74 órganos lexislativos rexionais de Alemaña, Bélxica, Reino Unido, Austria,



Portugal, Finlandia e España. Con motivo da súa asemblea anual, a CALRE organizou en Santiago de Compostela un debate baixo o título “Por que nos importa Europa? O futuro das rexións da Unión Europea”, na que se reivindicou un maior papel dos parlamentos rexionais no ciclo de coordinación das políticas económicas dos 28 Estados membros.

Durante todo o ano, a presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, desprazouse a Bruxelas en media decena de ocasións nas que contou co apoio loxístico e técnico da FGE. Como presidenta da CALRE, mantivo un estreito contacto co Comité das Rexións, en especial coa súa plataforma de subsidiaridade, que está a facer un seguimento da participación dos parlamentos rexionais no mecanismo de control de subsidiaridade introducido polo Tratado de Lisboa.

Actividades de promoción de Galicia en Bruxelas

De xeito complementario á actividade institucional, a FGE participa en diversas actividades que contribúen á promoción cultural, turística ou comercial de Galicia na capital comunitaria.



Open Doors Day

A FGE participou na 23ª edición da xornada de portas abertas das institucións europeas que, con motivo do Día de Europa, pretende achegar aos cidadáns o funcionamento das mesmas dun xeito didáctico e lúdico. O expositor da comunidade galega formou parte da celebración do 20º aniversario do Comité das Rexións, o cal reuniu a cerca de 40 rexións e cidades de toda Europa nun ambiente festivo para dar a coñecer a cultura, gastronomía e turismo de cada unha delas.

Día E

A FGE participou en xuño na celebración en Bruxelas do “Día de todos os que falan español” que cada ano organiza o Instituto Cervantes. O equipo da fundación instalou un expositor neste instituto dende o que ofreceu información turística sobre a comunidade galega e se deu a coñecer a súa realidade lingüística e cultural.



Proxección do filme “Costa da Morte”

A FGE colaborou na presentación deste filme documental nun histórico cine de Bruxelas, que contou coa presenza do seu director, Lois Patiño. O filme, que foi premiado no Festival de Cine de Locarno, amosa as paisaxes e os modos de vida da Costa da Morte, dando a coñecer as súas peculiaridades económicas e sociais.



Exposicións sobre a literatura galega e o Camiño de Santiago

En colaboración con outras entidades, a FGE fixo posible a organización de catro exposicións relacionadas con Galicia en Bruxelas:

- En xaneiro, a Axencia de Turismo de Galicia exhibiu no Parlamento Europeo a exposición “O signo da Tau e da Vieira. De Asís a Santiago de Compostela seg uindo a San Francisco”.
- En abril, a oficina da FGE en Bruxelas acolleu “iWay”, unha mostra fotográfica resultado de cinco percorridos polas rutas xacobeas.
- En maio, a FGE mostrou unha exposición centrada na figura de Xosé María Díaz Castro, o poeta e tradutor a quen se lle dedicou en 2014 o Día das Letras Galegas.
- En setembro, o Parlamento de Galicia instalou no Comité das Rexións a exposición “51 páxinas das nosas letras”, que fai un percorrido polos 51 autores homenaxeados dende a creación do día das Letras Galegas en 1963.






Fomento da participación en proxectos europeos

Guía de Financiamento Comunitario 2014-2020

En 2014, sendo ano de transición e con motivo da posta en marcha dos novos programas de financiamento da UE ata 2020, a FGE centrouse na difusión das novas liñas aprobadas, facéndooas máis accesibles para os potenciais beneficiarios galegos. Así, elaborou un manual que presenta de maneira breve e precisa as distintas fontes de financiamento comunitario para estes sete anos, salientando os aspectos clave na preparación e desenvolvemento de proxectos europeos.

Elaborada pola FGE co apoio do Consorcio Zona Franca de Vigo (CZFV), a publicación non pretende ser un manual exhaustivo, senón unha referencia para unha primeira toma de contacto cos programas, a terminoloxía e as peculiaridades deste tipo de fondos. Todo isto co obxectivo de axudar ás entidades galegas a identificar as oportunidades de financiamento máis adecuadas e contribuír, así, á captación de fondos comunitarios en Galicia. Ademais dos exemplares en papel, a guía está dispoñible no portal web da FGE.

Guía de **financiamento comunitario 2014-2020**



A Guía de
Financiamento
Comunitario 2014-2020
recole información sobre
30 programas e un manual
para a elaboración de
proxectos europeos



A presentación oficial desta guía tivo lugar en decembro, durante o seminario **“O financiamento europeo para pemes: balance e perspectivas de futuro”** que organizou a FGE en colaboración co Consorcio da Zona Franca de Vigo, na sede deste último.

Representantes de Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), da Axencia Galega de Innovación (GAIN) e da propia Comisión Europea explicaron ante as empresas galegas o apoio financeiro que se contempla desde Europa para mellorar a competitividade das pemes e fomentar a innovación, en particular o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e os programas de xestión centralizada de apoio as pemes (COSME) e de investigación e innovación (Horizonte 2020). Presentáronse ademais dous exemplos de proxectos xa en marcha: o programa REACCIONA do IGAPE, que ofrece

asesoramento personalizado ás empresas para gañaren competitividade, e a Factoría de Innovación do CZFV, un centro de excelencia creado co obxectivo de desenvolver o potencial innovador das empresas do sur de Galicia.



Seminarios sobre financiamento comunitario

En 2014 a FGE participou en sete cursos de financiamento comunitario en Galicia, organizando de maneira directa tres deles en colaboración con diversos membros do padroado e dirixidos a diferentes públicos:

- En abril a FGE colaborou coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e a Secretaría Xeral para o Deporte na organización dunha xornada sobre financiamento para **proxectos de fomento da actividade física e do deporte**. Federacións, clubs deportivos, concellos e centros educativos participaron nesta xornada na que se expuxeron os procedementos básicos para empezar a participar en proxectos europeos.
- En xullo organizou, en colaboración coa Deputación de Lugo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), a xornada **“Preparación das entidades locais ante os novos programas de financiamento comunitario durante o período 2014-2020”** dirixida a concelleiros, funcionarios e persoal técnico de entidades locais e provinciais co obxectivo de impulsar a captación de financiamento comunitario por parte destes entes. A sesión formativa, celebrada na sede da Deputación

Máis de 400 persoas participaron nos seminarios sobre financiamento comunitario da FGE

de Lugo, fixo especial incidencia naquelas liñas de crédito máis accesibles para as entidades locais, como os fondos estruturais ou o programa Life de medio ambiente. Así mesmo, os asistentes tiveron a oportunidade de manter entrevistas con técnicos en asuntos europeos para recibir asesoramento e orientación.

- En decembro, a FGE organizou co CZFV o seminario de financiamento comunitario dirixido as pemes onde se presentou a Guía de financiamento 2014-2020.

Ademais, a FGE participou noutros seminarios organizados por diferentes entidades galegas como o Centro de Estudos e Documentación Europea da USC, a Fundación ProVigo ou a Confederación de Empresarios de Galicia. En todos eles, o labor da FGE consistiu en achegar unha visión xeral do financiamento comunitario co obxectivo de axudar a entender as diferentes liñas existentes. As pemes e os entes locais foron o principal público obxectivo destes seminarios.



Asesoramento

A FGE respondeu en 2014 a 30 consultas en relación co financiamento comunitario. Os novos programas do período financeiro 2014-2020 centraron boa parte das consultas recibidas, existindo un especial interese polas posibilidades de financiamento para pemes e proxectos de innovación. A través da súa web, a FGE publicou ademais 54 anuncios de entidades que buscaban socios para presentar propostas conxuntas de proxectos europeos e difundiu 149 convocatorias de proxectos procedentes de diferentes programas de xestión descentralizada.

A FGE atendeu
30 consultas sobre
posibilidades de
financiamento comunitario



Proxecto EMPRENDE

A FGE tamén participa directamente en proxectos europeos. Así, dende 2011 desenvolve o proxecto “Mozos Emprendedores da Eurorrexión”, máis coñecido como EMPRENDE, que fomenta a creación de empresas e a promoción do emprego entre a xuventude de Galicia e do Norte de Portugal. A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado lidera este proxecto no que, ademais da FGE, inclúense o Instituto Português da Juventude, a Confederación de Empresarios de Galicia, e a Federación Nacional de Associações Juveniles de Portugal. Financiado polo Programa de Cooperación Transfronteiriça España-Portugal 2007-2013, EMPRENDE centra as súas actuacións no asesoramento e a cooperación empresarial, no apoio ás iniciativas xuvenís emprendedoras e na potenciación do

talento e a formación dos mozos da Eurorrexión.

No marco deste proxecto celebráronse en 2014 as seguintes xornadas:

- 23/10, Tui. Obradoiro “A importancia do portafolio web como ferramenta de autopromoción”
- 17/10 e 18/10, Melgaço e Monção. II Xornadas da Xuventude Transfronteirizas
- 27/10, Feces de Abaixo (Verín). Obradoiro “Novo período de programación 2014-2020”
- 22 e 29/11, Ourense e Ribadavia. Xornadas de emprendemento e autoemprego
- 13/12, Cangas. Xornada de emprendemento e autoemprego.

Ademais, co obxectivo de realizar un seguimento do percorrido dos mozos participantes no proxecto en anos anteriores, publicouse a segunda edición da revista “Eu podo, ti podes”, que recolle experiencias de éxito na senda do autoemprego.







Información sobre a UE en Galicia

www.fundaciongaliciaeuropa.eu

O portal web da Fundación Galicia Europa é a plataforma fundamental para a difusión de novas sobre o labor da FGE así como da actualidade europea ligada aos intereses galegos. Do mesmo xeito, dende a páxina da FGE tamén se traballa por garantir unha boa difusión de oportunidades de traballo e prácticas na UE así como de convocatorias e procuras de socios para proxectos europeos.

Durante todo o ano rexistráronse máis de 107.000 visitas ao portal web, publicáronse 92 noticias da FGE e case 200 noticias sobre actualidade comunitaria.



Boletín electrónico

A FGE envía aos seus máis de 2.500 subscritores dous boletíns electrónicos ao mes nos que se recolle unha compilación das novas publicadas no portal web, as convocatorias de proxectos europeos, os anuncios de procuras de socios de máis os actos previstos na axenda.

A web recibiu unha media de 300 visitas diarias



Redes sociais

A FGE reforzou a súa presenza en redes sociais, nomeadamente en Facebook e Twitter, dende onde se difundiron as novas recollidas no portal web así como as oportunidades de traballo e prácticas profesionais de interese para o público galego. En 2014 a FGE aumentou en gran medida o seu número de seguidores nas redes, acadando preto de 2.300 a finais de ano.

Colaboración coa Revista ECO



A FGE continúa a colaborar mensualmente con ECO-Revista do Eixo Atlántico co obxectivo de explicar a actualidade comunitaria en Galicia. En 2014 publicáronse 11 artigos sobre distintos temas como a modernización das axudas públicas no sector aéreo, as eleccións europeas 2014 ou o vixésimo aniversario do Comité das Rexións.



Orientación laboral en entornos internacionais

En 2014 a FGE publicou a cuarta edición da súa **“Guía de prácticas e saídas laborais na Unión Europea o outras organizacións internacionais”** co obxectivo de facer máis accesible toda a información sobre as oportunidades de emprego que a UE e outros organismos ofrecen. Elaborada por primeira vez en 2008, esta guía achega aos mozos galegos as posibilidades para dar os primeiros pasos na súa carreira profesional nun entorno internacional.



A nova guía está dispoñible no portal web da FGE, ademais de distribuírse un número limitado de exemplares en papel entre centros de documentación, universidades e outras entidades galegas que traballan con mozos. Para facilitar a súa consulta, o seu contido foi reestruturado en catro bloques: bolsas para realizar prácticas, bolsas de estudo, oportunidades de emprego no estranxeiro e ferramentas para a aprendizaxe de linguas.

A FGE presentou esta guía nas diversas xornadas de orientación laboral nas que participou ao longo do ano. Ademais de informar sobre as posibilidades de emprego e prácticas existentes nas institucións e en organismos internacionais, a FGE se ofreceu como punto de contacto para orientar e resolver as posibles dúbidas na materia. Estes foron os actos nos que participou:

27/02 Mesa redonda sobre busca de emprego organizada polo Centro Integral de Formación Profesional (CIFP) de Ferrolterra.

- 27/03 Xornadas de formación “Porremprego” do concello de Porriño.
- 4/06 “Xornada de Mobilidade Xeográfica UNINSERT” organizada pola Fundación Universidade da Coruña.
- 19/11 Foro “Xuventude en Movemento” organizada pola Universidade da Coruña e o Europe Direct.



Dende as prácticas na Comisión Europea ata as bolsas de estudos que ofrecen una decena de fundacións privadas, a Guía recolle un resumo de máis de 130 oportunidades para estudar, traballar ou aprender idiomas no estranxeiro



Formación e sensibilización

A dimensión europea da Formación Profesional

En 2014 a FGE puxo en marcha o proxecto “A dimensión europea da FP: formación, mobilidade e emprendemento”, que fora seleccionado o ano anterior pola oficina de representación da Comisión Europea en España para recibir unha subvención destinada á difusión dos temas europeos en España. Así pois, co apoio económico da Comisión, a FGE esforzouse en 2014 por explicar a estudantes, titulados e profesores de Formación Profesional as políticas e iniciativas da Unión en materia de emprego, mobilidade e emprendemento. Como obxectivo último, este proxecto pretendía fomentar a empregabilidade dos titulados da FP e animar aos docentes a participar nas iniciativas europeas.

En total, desenvolvéronse cinco actividades distribuídas nun acto central en Santiago de Compostela e catro actos descentralizados, un en cada provincia galega.

O acto central tivo lugar en maio no CIFP Politécnico de Santiago de Compostela e contou coa asistencia de máis de 100 profesores e orientadores do sistema galego de FP. Nunha intensa xornada na que participaron 20 relatores da administración pública, o mundo empresarial e os propios centros educativos, explicáronse as iniciativas postas en marcha a nivel europeo, estatal e autonómico para facilitar o acceso ao mercado laboral dos titulados de FP, a creación de empresas e a mobilidade a outros países europeos con fins de aprendizaxe. Ademais de dar a coñecer os programas existentes



**Dimensión europea da Formación Profesional:
formación, mobilidade e emprendemento**





Aumentar o atractivo e a calidade da FP, ademais de estreitar a súa relación co mundo empresarial, son algunhas das respostas que dende a UE se propoñen para loitar contra o desemprego xuvenil

como “Erasmus para novos emprendedores” ou o novo Erasmus+, presentáronse exemplos de boas prácticas que serviron de referente para os docentes presentes á hora de participar en proxectos europeos. O acto foi retransmitido en directo por internet e, posteriormente, publicouse un vídeo resumo do mesmo.

Durante a segunda quincena de novembro celebráronse os catro actos descentralizados noutros tantos centros de FP en Galicia: CIPF Politécnico de Lugo, CIPF Valentín Paz Andrade de Vigo, CIPF A Carballeira-Marcos Valcárcel de Ourense e CIPF Someso de A Coruña. Todos eles contaron coa participación de representantes da Fundación Galicia Europa, da rede de servizos europeos de emprego (EURES) e de antigos alumnos dos centros, participantes en programas de mobilidade, que deron a coñecer as súas experiencias. Así mesmo, as xornadas incluíron un obradoiro de busca de emprego, co propósito de facilitar o acceso dos estudantes no mercado laboral. 800 alumnos de FP participaron nestas seccións.

O IGAPE, as Cámaras de Comercio e o CZFV expuxeron as diferentes iniciativas que teñen en marcha para apoiar aos mozos que deciden emprender

Estudantes e profesores coincidiron en resaltar as vantaxes de participar en proxectos europeos que permiten a mobilidade dentro da UE

Bolsas FGE en asuntos europeos

A FGE aposta dende a súa creación pola formación acollendo nestes anos a máis de 400 bolseiros que se teñen formado en asuntos europeos nas oficinas de Santiago de Compostela e Bruxelas. En 2014, a FGE convocou un ano máis o seu programa de bolsas de formación en asuntos europeos, de xeito que cinco titulados universitarios e un técnico de Formación Profesional realizaron estadías de xaneiro a decembro nas oficinas da FGE. Catro destas bolsas centrábanse no seguimento das políticas comunitarias, unha na comunicación dos asuntos europeos en Galicia e a última no desenvolvemento de tarefas administrativas nun entorno internacional.

Así mesmo as oficinas da FGE en Santiago e Bruxelas acolleron a catro estudantes universitarios en prácticas co fin de ofrecerlles formación en asuntos comunitarios.

A FGE conta cunha rede de máis de 400 ex bolseiros que ocupan hoxe diferentes postos na administración pública e no sector privado

**BOLSAS
2014**



FUNDACIÓN GALICIA EUROPA



Participación galega no Evento Europeo da Xuventude – EYE 2014

A FGE, en colaboración con Europe Direct, a Universidade e o Concello da Coruña lanzou unha convocatoria a principios de ano pola que se seleccionou a un grupo de 10 mozos galegos para participar no Evento Europeo da Xuventude EYE 2014, celebrado na sede do Parlamento Europeo en Estrasburgo no mes de maio. Durante os tres días que durou EYE 2014, os representantes galegos puideron participar nos máis de 200 debates e obradoiros organizados, expresando as súas opinións sobre os eixos temáticos que vertebraban o evento: o desemprego xuvenil, a revolución dixital, o futuro da UE, o desenvolvemento sostible e os valores europeos. As conclusións deste evento presentáronse en outono no Parlamento Europeo.

Outras actividades



A FGE participou en diversos foros sobre asuntos europeos en Galicia co obxectivo de chegar a un público moi diverso:

- 25/02. Conferencia “A importancia da UE para a cidadanía galega” na Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da USC.
- 21/03. Congreso Internacional de Demografía organizado pola Consellería de Traballo e Benestar.
- 26/06. Sesión informativa no Máster Universitario de Estudos da Unión Europea da UDC.
- 26/09 Seminario “Innovación, igualdade de xénero e crecemento intelixente: oportunidades de financiamento europeo”, organizado pola Asociación de Executivas de Galicia.



En Bruxelas, a oficina da FGE recibiu durante o mes de abril catro visitas de grupo aos que se lles explicou o traballo realizado polas oficinas de representación rexional no proceso comunitario de toma de decisións:

Federación provincial de empresarias da Coruña (FEDACEPE),

Asociación de alumnos do Programa de Marios da Universidade de Vigo,

Máster de Estudos da Unión Europea da Universidade da Coruña

Asociación Galega de Empresas de Enxeñería, Consultoría e Servizos Tecnolóxicos (AGEINCO) xunto á Asociación de Jóvenes Empresarios de Galicia (AJE).

Cada vez son máis os estudantes e profesionais de todos os ramos os que se interesan polos asuntos comunitarios

2014 en cifras

30.000 beneficiarios das actividades da FGE

1.000 asistentes aos seminarios celebrados en Galicia

100.000 visitas ao portal web

Máis de **2.000** seguidores nas redes sociais


300 noticias publicadas no portal web

Difusión de **150** convocatorias de proxectos europeos e **50** procuras de socios

Asesoramento a **30** entidades sobre financiamento europeo

Orzamento das actividades da FGE

134.000 €



Índice de siglas

AECT: Agrupación Europea de Cooperación Territorial

FGE: Fundación Galicia Europa

CALRE: Conferencia de Asembleas Lexislativas Rexionais Europeas.

CdR: Comité das Rexións

CIFP: Centro Integrado de Formación Profesional

CIVEX: Comisión de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores do CdR

CORE: Colaboración das Oficinas Rexionais Españolas en Bruxelas

COTER: Comisión de Política de Cohesión Territorial do CdR

EGAP: Escola Galega de Administración Pública

FEDER: Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

FEGAMP: Federación Galega de Municipios e Provincias

GAIN: Axencia Galega de Innovación

IGAPE: Instituto Galego de Promoción Económica

MI4BG: Rede de Industrias Marítimas para o Crecemento Azul

REPER: Representación Permanente de España ante a UE

UE: Unión Europea

UDC: Universidade da Coruña

USC: Universidade de Santiago de Compostela



galicia



XUNTA DE GALICIA

www.fundaciongaliciaeuropa.eu

Rúa do Hórreo, 61 - 15701 Santiago de Compostela - Tel.: (+34) 981 541012 - santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu
Rue de la Loi, 38 - 2º, bte, 2 - 1040 Bruxelles - bruselas@fundaciongaliciaeuropa.eu